


# A L A L Á

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA



*Cursiño preparatorio de acceso a grao elemental para alumnos con N.E.E.*



*Cursiño preparatorio de acceso a grao elemental para alumnos con Necesidades Educativas Especiais.*

## ACTUALIDADE

- Nova especialidade: Acordeón
- Incorporación NEE
- Historia dun aparcadoiro

## MÚSICA

- Javier Ulla Berdullas  
(Peza en do dórico para clarinete)
- Mateo Arnáiz Rodríguez  
(O Home Sentado)

## NOVAS

- Concerto Santa Icíá
- Mostra do ensino – 2012
- Letras Galegas – Pascual Veiga
- Concerto "Arte pola Igualdade"
- Promoción 2012

## CHILDREN'S CORNER

- Contaba o meu avó
- Círculo de quintas
- Sudoku musical e matices
- 8 diferenzas


## ARTIGOS

*Manuel Quiroga:  
O violinista esquecido*

*Maurice André:  
Retrato dun mito*

*Ansiedade escénica nos músicos*

*Centenario do nacemento de:  
Horacio Rodríguez Nache*



Pascual Veiga  
Mondoñedo 09/04/1842  
Madrid 12/07/1906





# A LA LÁ

## ÍNDICE

### ● EDITORIAL E CRÉDITOS

### ● ARTIGOS

- Manuel Quiroga, o violinista esquecido 1
- Maurice André. Retrato dun mito 7
- Ansiedade escénica nos músicos e intelixencia emocional 12
- Centenario do nacemento de Horacio Rodríguez Nache 14

### ● ACTUALIDADE

- Nova especialidade: Acordeón 18
- Curso preparatorio de incorporación a grao elemental para alumnos con N.E.E. – Visita do Conselleiro 21
- Historia dun aparcadoiro 24

### ● NOVAS

- Concerto Santa Icía 25
- “Axuda a Paula” 26
- Concerto solidario a beneficio da ONG “Tierra de hombres” 27
- Intercambio alumnado de corda pulsada 28
- Mostra do ensino – Galicia 2012 29
- Concurso de violín cidade de Vigo 30
- Letras Galegas - Pacual Veiga 31
- Concerto “Arte pola igualdade” 33
- Promoción 2012 34

### ● MÚSICA


- Mateo Arnáiz Rodríguez 35
- Javier Ulla Berdullas 36

### ● CHILDREN’S CORNER

- Contaba o meu avó 40
- Círculo de quintas 42
- Sudoku musical 46
- Sudoku repasa os matices 47
- 8 diferenzas 48



# A LA LÁ



**ENDL**

**EQUIPO DE  
NORMALIZACIÓN E  
DINAMIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA DO  
CONSERVATORIO  
PROFESIONAL DE  
MÚSICA DA CORUÑA**

**Margarita Viso  
Eva Portela  
María Fernández  
Iván Pantín  
Abel R. Sánchez**

**Fotografías:  
Raúl Galán  
José Atela  
Margarita Viso  
Lestonnac Ibáñez**

**Deseño e Maquetación:  
Abel R. Sánchez**

**Edita:**

**Conservatorio Profesional de  
Música da Coruña  
Imprime: Fotocopias Conde  
Depósito Legal: C-2876-2010  
ISSN: 2172-0940**

## **EDITORIAL**

Moitas novas presentounos este curso 2011-2012. A creación dun aula para alumnos/as con Necesidades Educativas Especiais é -sen lugar a dadas- a máis salientable- pola transcendencia que ten e por ser un proxecto pioneiro na comunidade. Con este motivo, o propio Conselleiro de Educación viu en persoa visitar o noso centro en dúas ocasións: a primeira o 9 de marzo para a inauguración do cursiño preparatorio á proba de acceso dos/as nenos/as con NEE, e a segunda vez, o 1 de xuño, con motivo de rematarse dito cursiño.

É moi importante tamén a implantación deste curso dunha nova especialidade instrumental: o acordeón, que desde distintos sectores sociais se viña demandando.

Non obstante, e aínda que pareza absurdo, foi máis duro que todo o anterior, conseguir a apertura do garaxe (23 anos despois de inaugurarse o edificio!).

A participación na mostra do ensino celebrada o 13 de abril, representando ao noso centro a Orquesta Sinfónica foi un éxito que nos proxecta na contorna.

O espectáculo “Arte pola igualdade” celebrado o 13 de xuño, no Auditorio, no que colaboraron os alumnos do CEE María Mariño con programa de man deseñado polo IES Leixa de Ferrol, foi tamén un acontecemento importante, onde ademais dos alumnos do María Mariño, un grupo de alumnos/as (“Música tradicional”) e profesores do noso centro, tiveron unha exitosa actuación para un público no que se incluía o propio Xefe Territorial, e o Secretario Xeral de Política Lingüística.

Tamén este curso se aprobou o Plan de Emerxencia, e tivemos que realizar algo novo para todos: simulacro de evacuación que se realizou o día 25 de abril. Só tardamos 7 minutos en evacuar completamente o centro! Resultou divertido para todos pola novidade que supuña.

A festa de graduación que xa se está facendo obrigada para os/as alumnos/as foi inesquecible para todos/as os/as que participaron nela. Noraboa a todos/as os/as alumnos/as que remataron os seus estudos!

Para celebrar o centenario do nacemento de Horacio Rodríguez Nache, un dos fundadores e directores do Conservatorio, organizouse unha conferencia concerto na que actuaron os alumnos gañadores do Concurso de Solistas deste ano, ademais de Daniel Vlashi que fixo de “telonero”.

Os nosos alumnos seguen a gañar premios, como os que obtiveron no “I Concurso de Violín, Cidade de Vigo”.

Este curso o EDL acordou adicar cada ano a un compositor galego. A primeira edición quixémoslla adicar ao compositor do Himno Galego, Pascual Veiga. Decorouse o hall do centro ca melodía do Himno realizada por alumnos de Linguaxe Musical de Grao Elemental, tamén por traballos realizados por estes mesmos alumnos sobre o compositor, e un gran cartaz elaborado polas profesoras Eva Portela (do EDL), e Isabel Gómez (cordinadora de Grao Elemental).

Ademais da tradicional audición de “Letras Galegas” do departamento de Canto, celebrouse unha conferencia concerto sobre Pascual Veiga, na que interveu o musicólogo Fernando López-Acuña e varios profesores do centro, e a clase de conxunto de Iván Pantín interpretou no hall, a célebre Negra Sombra.

O concerto benéfico deste ano estivo adicado á ONG Tierra de Hombres, e entre todos/as, xuntamos moitísimos kilos de tapóns para Paula.

Grazas a todos os membros da comunidade educativa que de algunha maneira colaborastes nos proxectos realizados neste curso.

Pero a última liña desta editorial é para a memoria de Daniel Castro Crujeiras, a quen se lle adicou o tradicional concerto de Santa Icíá. Sempre estarás no noso corazón Daniel, nunca te esqueceremos.





## MANUEL QUIROGA, O VIOLINISTA ESQUECIDO

*Por Elena López-Felpeto Paz, profesora de violín*

*¿Podrán de tu violín las voces de oro,  
encantar a los tigres de la usura,  
y al can rabioso que soporta el foro?  
¿Has oído la voz que te lo augura?*

VALLE-INCLÁN



*Manuel Quiroga retratado por Kaulak ós doce anos*

Recentemente cumpríronse cincuenta anos da morte do violinista pontevedrés Manuel Quiroga e, a pesares de tan curto espacio de tempo, o seu nome, con evidente inxustiza, foi esquecido durante anos case por completo. O obxectivo deste artigo é o de contribuir á “resurrección” da súa figura e dar a coñecer o seu talle universal como violinista e compositor, pagando deste xeito una débeda que os galegos temos có gran artista de Pontevedra.

Casi todos os profesionais e estudantes de violín do mundo coñecen a figura e obra de Pablo Sarasate, pero moi poucos saben de Manuel Quiroga. Os dous músicos teñen moitas cousas en común: gañaron o primeiro premio do Conservatorio de París, tocaron nas grandes salas de concertos do mundo enteiro, compuxeron obras breves virtuosísticas e ata por unha casualidade do destino, Sarasate viviu na mesma casa onde naceu Quiroga. Ámbolos dous foron tamén galantes personaxes novelescos, rodeados dunha certa aura de misterio. Sen embargo, poucos saben da existencia da obra de Manuel

Quiroga nin que foi un dos mellores solistas de violín do primeiro cuarto do século XX.

Manuel Quiroga naceu en Pontevedra en abril de 1892 no seo dunha familia de comerciantes, nunha cidade na que os acontecementos musicais máis relevantes limitábanse a algún concerto ocasional na Sociedade Filarmónica e na que as posibilidades de formación musical para un rapaz de talento escaseaban.

O seus primeiros profesores foron Isidro Puga e Juan Sayago, pasando máis tarde a mans de Benito Medal, un profesor máis cualificado. En 1903 tocará o seu primeiro concerto no Café Moderno de Pontevedra, provocando o entusiasmo do público e da prensa local. A súa familia asume que un talento tan excepcional precisa dunha mellor formación, polo que deciden mandalo a estudar a Madrid, conseguindo a través das súas relacións que fose becado pola Deputación de Pontevedra. É así como Manolito, como era coñecido familiarmente, comeza a recibir clases de Jose del Hierro, máximo exponente da escola



franco-belga de violín en España e un dos profesores máis prestixiosos da época. En Madrid é protagonista dun dos moitos episodios novelescos que experimenta ao longo da súa vida, ao presenciar dende as fiestras da súa pensión o atentado contra a comitiva nupcial do rei Alfonso XIII.

A súa presentación en Madrid tivo lugar no Teatro da Princesa en 1906, facendo uso do primeiro instrumento da que sería a súa espléndida colección de violíns: un Amati de 1682, regalado pola familia Mugártegui e que pertencera á rainha Isabel II. Para a ocasión intepretou o *Concerto para violín* de Mendelssohn, o mesmo que lle daría no futuro o premio do Conservatorio de París. Por estas mesmas datas dá a coñecer ao público o seu talento para a pintura expoñendo os seus debuxos na Casa de Galicia en Madrid.

Pero Madrid tamén ofrecía poucas posibilidades para un artista do seu talle; a vida musical era escasa, coa excepción dos concertos privados que tiñan lugar nas casas dos aristócratas e burgueses máis acomodados, ou os ofrecidos pola recién fundada Orquestra Sinfónica de Madrid. A obsesión de Manolo era estudar en Alemaña co seu admirado Fritz Kreisler. E así é como, acompañado polo seu pai, emprende en 1909 unha viaxe cara Alemaña que nunca chegará ao seu fin. Cando iba de camiño e debido a unha casualidade, atopa en París ao seu amigo Cassaux, que o convence para que se presente ás probas de acceso do conservatorio. Non debemos esquecer que o París da época era o centro cultural do mundo, onde comezaban a xermolar as vangardas




*Manuel Quiroga no cumio da súa carreira.*

artísticas e alí vivían tódolos artistas españois da época como Picasso, Falla, Turina ou Casals. Contaba con varias orquestras de prestixio que estreaban obras como *O páxaro de lume* de Stravinsky e esa vida cultural e musical brindáballe a Manuel novos horizontes e posibilidades de formación.

Admitido dun xeito entusiasta no conservatorio entre máis de trescentos aspirantes, Quiroga terá a oportunidade de estudar durante dous anos con Edouard Nadaud e de recibir algunhas clases de Jacques Thibaud. Tamén será testemuña da transformación levada a cabo na institución polo seu director, Gabriel Fauré, ata convertilo nun dos conservatorios máis prestixiosos do mundo.

A boa formación académica deu os seus froitos e en 1911 obtivo o primeiro premio da cátedra de violín, convertíndose deste xeito no segundo violinista español






en conseguilo, despois de Pablo Sarasate. O xurado, presidido por Gabriel Fauré, contaba tamén coa presenza de Thibaud, Fritz Kreisler, Jules Boucherit, Lucien Capet e Martin Marsick. Ese mesmo ano, Quiroga recibiu tamén outros tres prestixiosos premios: Jules Garcin, Monnot e sobre todo o famoso premio Sarasate.

A prensa parisina e galega volcouse con él e calquera calificativo parecía insuficiente para eloxialo. Deste xeito, e co seu flamante premio debaixo do brazo, voltará Manuel a Pontevedra, aclamado polas multitudes. Péchanse tendas e comercios, tíranse bombas de palenque, recíbena cunha banda na estación e é trasladado a ombros ata a súa casa polos enfervorecidos veciños de Pontevedra. Acababa de nacer o novo heroe, o triunfador, a nova honra para Galicia, o home ao que poucos anos máis tarde, caído en desgracia, todos esquecerían.

Pero Quiroga pareceu entender a fragilidade destas loubanzas e comezou a súa carreira musical paseniñamente, tocando a miúdo en salas inadecuadas para o seu xa relevante curriculum, como as das modestas Sociedades Filarmónicas das pequenas cidades españolas. A súa carreira profesional estivo vinculada ó círculo de amizades que fixera durante os anos de estudos no conservatorio: os pianistas José Iturbi e José Cubiles, Enrique Granados, o violonchelista Juan Antonio Ruiz-Casaux ou Federico Mompou, que nas súas estadias de verán como profesor nos cursos de Música en Compostela atopaba algún tempo para visitarlo no seu retiro pontevedrés. E non debemos esquecer á pianista parisina Martha Lehman, tamen gañadora do primeiro premio do conservatorio quen, coa axuda da súa familia, introducirá a Quiroga nos círculos sociais parisinos, e acabará convertíndose na súa muller en 1915.



*Washington, 1915*


En 1912, José Iturbi e Quiroga realizan unha xira por varias Sociedades Filarmónicas españolas (Bilbao, Burgos, Oviedo, Gijón, Valencia...) que lles serviría de preparación para a xira de concertos que levarían a cabo en diferentes cidades europeas (París, Bordeos, Amiens e Xenebra). Nese mesmo ano, Quiroga realiza as súas primeiras gravacións fonográficas para The Gramophone e Typewriter Company.

Froito do recoñecemento inmediato recibido, en 1913 Quiroga asina un contrato co promotor Shürmann, que representaba a artistas coma Kubelik e Isadora Duncan, e que lle proporcionou a posibilidade de realizar a súa presentación en América, debutando no Hipódromo de Nova York (cun aforo de cinco mil localidades). A extensa xira americana levouno dende Nova York a San Francisco, recibindo as loubanzas continuas da prensa e admiradores e convertíndose nunha auténtica celebridade. Os empresarios non dubidaron en fabricar todo tipo de obxectos comerciais co nome e a efixie de Quiroga: chisqueiros,



garavatas, etc. A relación comercial con Schürmann rematará nos xulgados, ao ser Quiriga estafado nas cantidades percibidas nos concertos.

Entre o público que presenciou algúns dos concertos das súas xiras americanas atopábanse algúns dos violinistas máis afamados da época como George Enescu, Milstein, Heifetz ou Misha Elman, que estivo sin tocar un tempo, deprimido pola forte impresión recibida tras escoitalo. Pero a pesares dos éxitos, Quiroga rexeita en 1917 unha nova xira, temendo as perigosas travesías trasatlánticas durante a guerra, e despois de perder ao seu amigo Granados ao ser o seu barco torpedeado nunha delas. É así como establece a súa residencia en París e continúa a realizar xiras por Europa e España, voltando a Galicia con frecuencia. Nos seus concertos galegos o público acudía dende tódolos rincóns da xeografía para escoitalo e os intelectuais e dirixentes da época comezaron a entronizalo coma o “resurrexit da nosa nacionalidade” ou o “salvador da raza galega”. Intelectuais coma Vilar Ponte, Valle-Inclán e Filgueira Valverde adícanlle poemas e textos e Castelao fai caricaturas del tocando *O trino do díaño*.



Caricaturas de Castelao con Mamiel Quiroga interpretando *O trino do díaño*, de Tartini

En 1926 visita Sudamérica e a Galicia da emigración recíbeo como se fose o protagonista do novo rexurdimento galego. Todos intentan subirse ao carro do vencedor e pídenlle que “entoe alalás e airiños da terra” e él promete compoñelas. En 1921 aparecen publicadas as súas primeiras composicións, pequenos arranxos no estilo do seu admirado Kreisler, e en 1924 as primeiras obras orixinais como a *Habanera* ou *Scherzo Jota nº 1*, algunhas delas gravadas en 1928 en Camden. Pouco despois publicará tamén obras de temática galega como *Emigrantes celtas*, *Alborada* ou *Terra ¡a nosa!*, das que desgraciadamente non se conservan gravacións. Nas gravacións que se conservan, apréciase unha claridade de son constante a pesares dos anos transcorridos, un delicado e refinado gusto e un dominio da técnica e da afinación pouco común.


As súas obras son de carácter latinoamericano, como a *Segunda Guajira*; lírico, como *Canto amoroso* ou virtuosístico, como *Danza española*, de esencia sarasatiana, ao xeito dos violinistas-compositores da época, sen descoidar a harmonización dos acompañamentos de piano. É así mesmo autor dun concerto para violín e orquestra de corda —o *Concerto no estilo antigo*— e cadencias para os *Concertos para violín* de Beethoven, Brahms ou Mozart.

Durante os últimos anos da súa carreira, nos anos trinta, Quiroga continuou a dar concertos por Sudamérica, Estados Unidos e Europa, interpretando as grandes obras do repertorio



habituais para un violinista do seu tempo como o *Concerto para violín* de Mendelssohn ou a *Sinfonía española* de Lalo. Esta última obra foi interpretada en 1937 coa Orquestra Filarmónica de Nova York baixo a dirección de George Enescu. Tamén tocaba sonatas do repertorio clásico e pezas breves de xénero, moitas delas de composición propia.

Moitos autores adicábanlle as súas obras, coma a *Sonata nº 6 para violín solo* de Eugène Ysaÿe, unha das pezas máis importantes do repertorio violinístico de tódolos tempos.



*Autorretrato, París, 1930 (Arq. Mus. de Pontevedra)*

Chovíanlle os éxitos, os galardóns, tocaba para as familias reais europeas, para aristócratas... parecía estar tocando o ceo co arco do seu violín. Pero o destino deparáballo un desgraciado final. O día 8 de xullo de 1937, cando acababa de despedir ao seu amigo Iturbi na rúa Times Square de Nova York, foi atropelado por un camión, tal como lle sucederá a Fritz Kreisler en 1941 e coas mesmas consecuencias. Tras o accidente foise recuperando pouco a pouco e incluso tentou retomar a súa carreira, pero iba perdendo a mobilidade do seu brazo dereito. Visitou aos mellores especialistas, gastou os aforros de toda unha vida para poder tocar de novo o violín, mais todo foi en van. Tiña corenta e cinco anos, unha morea de mencións de honra, moitas historias novelescas que contar, a súa afección pola pintura, a composición, pero a voz do seu violín estíbese apagando.

Quiroga pasaría o resto da súa vida loitando por recuperarse, adicando o seu tempo á pintura, para a que tiña un notable talento. En 1940 fixo unha serie extraordinaria de debuxos dos seus amigos músicos: Casals, Rubinstein, Kreisler, Ysaÿe, Segovia, etc., caricaturas realizadas con gran mestría. Chegou a coñecer a Sorolla e Zuloaga, dous dos máis importantes pintores españois do seu tempo, participando en algunhas exposicións como pintor amateur. Nos últimos anos da súa vida viveu esmorecendo entre Santiago e Pontevedra, aqueixado de Parkinson e sufrindo estreiteces económicas, esquecido por case todos, vivindo dos seus recordos, recibindo visitas ocasionais dos poucos amigos que o lembraban.

A súa voz apagouse definitivamente o 19 de abril 1961, e cincuenta anos máis tarde e a pesares da recuperación da súa figura levada a cabo nos últimos anos, a súa obra segue sen reeditarse e o seu legado material e artístico continúa sen dispoñer dunha sala permanentemente aberta ao público no Museo de Pontevedra, o lugar onde está depositada a súa obra e obxectos persoais.

No cumio da súa carreira preguntábanlle a Quiroga cal era a súa máxima aspiración como galego e él respondía que tan só lle gustaría ser como un merlo, un merlo que fose percorrendo o mundo recordando a nosa paisaxe.

Deixemos, pois, que cante o merlo, e non esquezamos nunca o son incomparable do seu violín.



## **BIBLIOGRAFÍA:**

- FILGUEIRA VALVERDE, José: “Galiza e Quiroga”, *Catálogo da Exposición Manuel Quiroga Losada 1892-1961*, Pontevedra, 1992.
- IGLESIAS, Antonio, *Manuel Quiroga: su obra para violín*, Cuadernos de Música en Compostela, nº 6, Santiago de Compostela, 1992.
- LÓPEZ PRADO, Antonio, “Manuel Quiroga, violinista universal. Análisis de sus ocho conciertos en A Coruña”, *Abrente*, nº 3, Real Academia de Belas Artes, A Coruña, 1971.
- LUQUE DÍAZ, Ana, *The Works of Manuel Quiroga: A Catalogue*, Louisiana State University, 1996.
- OTERO URTAZA, Fernando, *Apuntes para una bibliografía musical*, Museo de Pontevedra, Pontevedra, 1992.
- OTERO URTAZA, Fernando, *Manuel Quiroga. Un violín olvidado*, Consellería de Educación e Cultura, Pontevedra, 1993.
- POTTER, Tully: “Rise and fall of a Spanish star: The Career of Manuel Quiroga”, *The Strad* 109, nº 1299, xullo 1998.

## **DISCOGRAFÍA:**

- MANUEL QUIROGA & MARTA LEMAN – Pontevedra París 1912, Editorial Ouvirmos, Sarria-Lugo, 2004.
- THE GREAT VIOLINISTS – Volume V: Manuel Quiroga, Symposium Records, Hertfordshire, 1996.

## **VIDEOGRAFÍA:**

- DURÁN, José Antonio, “Manuel Quiroga Losada, un violín e a melancolía”, *Historias con data*, TVG, 1989.



## MAURICE ANDRÉ: RETRATO DUN MITO

*Miguel Ángel Pardo Teijeiro*  
*Profesor de Trompeta*



O trompetista de música clásica Maurice André, figura cume dos grandes solistas do século XX, faleceu o 25 de febreiro de 2012 preto da media noite ás 23:45 horas no hospital de Baiona (Francia) aos 78 anos. Desde 2004, cansado xa da primeira liña profesional, o músico non volveira a ofrecer concertos.

Xa a principios dos noventa, o trompetista abandonou París e fixou a súa residencia no País Vasco francés, onde se retirou case por completo do mundo da interpretación e centrouse noutra das súas paixóns, a escultura en madeira. *“O meu éxito débollo nun 60% ao talento e nun 40% ao traballo. Ata traballando como un tolo e como se debe, iso non serve de nada se non se ten talento”*, chegou a dicir Maurice segundo

recolleu a axencia EFE. Aínda que Maurice André estaba lonxe de ser un devoto da música contemporánea, pola cal, chegouna a considerar “un ruído” que lle recordaba á mina de carbón, tiña varios concertos e obras escritas dedicadas a el por varios compositores como André Jolivet, Henri Tomasi, Boris Blacher, Antoine Tisné ou Jean Langlais.

Como homenaxe a este gran xenio que sempre se distinguiu pola súa entrañable humanidade repartindo con xenerosidade o seu consello e apoio a moitos colegas, e igualmente, sendo motivo de inspiración para innumerables trompetistas novos, recordaremos neste breve retrato as principais etapas que lle marcaron na súa vida persoal e profesional:



## PRESENTACIÓN

O noso protagonista é un home robusto, os seus ollos escuros e o seu cabelo canoso. A cabeza poderosa e maciza, recóllese no oco dos ombreiros coma se quixese así poder disparárselle mellor. O pescozo, forte e breve, non é máis que a prolongación do torso, dun desenvolvemento pouco común, fol de ricas reservas enerxéticas, centro de gravidade dun corpo de proporcións totalmente funcionais. Raramente correspondería mellor a silueta dun home ao oficio que exerce: cando emboca o seu instrumento, este parece a prolongación natural dun organismo que, sen el, crearíamos incompleto.

O rostro, aberto e cordial, a franqueza da súa mirada, na que aluma un sutil resplandor, fálannos claramente dun home sinxelo, ao que a gusta estar moi preto dese pobo do que xurdiu. E cando fala, a súa expresión anímase, se enardece, a pesar de que as súas inflexións cantareiras, revelan, ou máis ben confirman, as orixes mediterráneas que xa deixaba prever o seu retrato físico.

Maurice André provén do Sur, pero dun Sur particular, dun Sur negro, o das explotacións mineiras do Gard, desa conca da cal Alès forma o centro. E é en Alès, precisamente, onde naceu o noso home o 21 de maio de 1933.



## A UNION DE MINEIROS DE ROCHEBELLE

A súa infancia foi feliz, pero moi pronto se endurecería, porque desde os catorce anos baixará, xunto ao seu pai, ao fondo da mina. Por sorte, aparece a música: o seu pai, excelente trompetista “amateur”, faille afeccionarse a este instrumento e tamén, o que é moito máis estraño e marabilloso, á boa música, que por certo, non estaba moi estendida nos medios populares. Adolescente, toca as súas primeiras notas de trompetista na banda “Unión de Mineiros de Rochebelle”, á que moi pronto sucedería a de Alès, que posuía un nivel artístico superior. Non é necesario subliñar máis o papel desempeñado por estas bandas e estas fanfarrias na educación musical popular, pois sen elas non sería posible o que actualmente é un Maurice André, por non citar a outros moitos.

Ten lugar entón, segundo o propio testemuño do artista, o primeiro dos dous encontros providenciais de toda a súa existencia: o de Monsieur Leon Barthélemy, un antigo trompetista distinguido do Conservatorio de París que estivo baixo a tutela do profesor Merri Franquin (1848-1934). El é quen descobre primeiro as posibilidades excepcionais do adolescente, e decide tomalo baixo o súa protección para poder así corraxir, antes de que sexa tarde, os defectos resultantes dunha educación instrumental rutineira. É tamén, quen lle anima a proseguir os seus estudos no Conservatorio de París e quen consegue convencer ao seu pai para que lle envíe á

“gran cidade”. En 1952, Maurice André cruza o limiar do primeiro centro francés de ensino musical, cumprindo ao mesmo tempo o seu servizo militar en Suresnes, como membro da “Unión do Mont Valerien”. No Conservatorio comeza a estudar a corneta de pistóns, base indispensable, segundo el mesmo explica, para obter unha mestría total no dominio da trompeta. Este instrumento, dun tocar máis fácil e adquirible que o da trompeta, permite alcanzar con maior rapidez a perfección na articulación, a flexibilidade e, ata (a pesar do seu tenaz prexuízo), a musicalidade. Certamente, a corneta tiña mala prensa nos medios musicais pero, segundo Maurice André, isto débese sobre todo ao repertorio lamentablemente vulgar de principios do século XX e, á vez, a certos intérpretes pouco preparados. Isto lle chegou ata tal punto, que tivo o propósito de rehabilitar a corneta en distintas gravacións, xa que ata os nosos días foille fiel a devandito instrumento.



## PRIMEIRO PREMIO DE HONRA

Tan só nun ano, gaña o Primeiro Premio de Honra de Corneta e, ao ano seguinte, o Primeiro Premio de Trompeta. Pasa outro ano (estamos xa en 1955), e obtén o

Primeiro Premio no Concurso Internacional de Xenebra. Esta progresión, tan rápida como brillante, débea Maurice André ao seu gran talento, pero el mesmo subliña



que non podería ser posible sen os ensinos e consellos do seu mestre Raymond Sabarich, titular da clase de trompeta no Conservatorio, e segundo home providencial que o destino fixo cruzarse no camiñar de Maurice André. A este mestre eminente, de orixe española, debe Francia a prestixiosa pléiade de trompetistas que lle proporciona actualmente unha supremacía indiscutible neste terreo. A partir do mes de outubro de 1966, Maurice André fíxose cargo no Conservatorio da clase de Sabarich, prematuramente desaparecido, perpetuando así o ensino.

Os doce anos transcorridos desde o Gran Premio de Xenebra foron testemuñas dunha ascensión permanente, pero ás veces dura. No período do seu debut, Maurice André non dubidaba en completar as súas ganancias, entón bastante insignificantes, traballando... no Circo. Alí facía parodias instrumentais tan divertidas como espectaculares, que certos músicos intentaron transplantar hoxe día ao terreo da creación musical sería. O noso home recusou sempre seguílos neste camiño, contrario, segundo pretendía el, á verdadeira natureza do seu instrumento. O seu prodixioso virtuosismo, a súa

facilidade aparentemente ilimitada, non deixaron en efecto, de chamar a atención ao desexo dalgúns compositores de vangarda. Pero el non quixo dar este paso ao seu instrumento como na frauta fixo Gazzelloni o no óboe, Holliger; podemos censuralo, pero a súa posición, plena de integridade e madurez, foi sempre invulnerable. A parte importante, esencial, que Maurice André outorga ás obras contemporáneas na súa carreira de concertista, impide por completo falar de fuxida, de timidez ou de procura da facilidade. A súa admiración tallante por un Jolivet, un Messiaen, é testemuña da seguridade do seu xuízo musical. E por outra banda, nesta etapa da súa vida, aínda seguiría evolucionando...

Durante oito anos, Maurice André formou parte da Orquestra Filharmónica da O.R.T.F. (que anteriormente era chamada Radio-Sinfónica) e da Orquestra de Concertos Lamoureux. Pero cada vez con máis frecuencia, é solicitado para actuar como solista, tanto en concertos como en discos. En 1963 consegue un novo fito na súa carreira: triunfa, sen discusión posible, no Concurso Internacional de Munich.

## GRAN SOLISTA INTERNACIONAL.

Desde entón, as xiras internacionais sucedense sen descanso, ata tal punto que só se interrompen para as súas indispensables visitas a París onde ten que cumprir co seu traballo de profesor no Conservatorio, aparte de realizar as súas múltiples gravacións discográficas, gravacións que se atopan fundamentalmente na marca ERATO, que é o que contribuíu en maior xeito a aumentar a súa celebridade.

Se del dependese, Maurice André faría acurtar con moita máis rapidez a lista de rexións e países nos que aínda non actuou. O noso protagonista non visitou Galicia ata o ano 2005 no CMUS Profesional de Ferrol, no cal, moitos trompetistas galegos tivemos a oportunidade de compartir con el, experiencias e inquietudes. Recorreu Europa e Rusia, así como os EE.UU., América Latina, a India e o Xapón. Entre os numerosos públicos que lle aplaudiron, conserva un recordo particular dos



españóis pola súa sinceridade, espontaneidade e entusiasmo.

Nesta etapa, Maurice André desprazou o seu domicilio fóra de París, porque os apartamentos da capital non se prestaban á práctica da trompeta; vivía en pleno campo, a trinta e cinco quilómetros da cidade. E cun brillante entusiasmo, contábanos a súa alegría de poder tocar ao aire libre, co torso espido ao sol, ou baixo o manto dun bosque. O baleirado en ouro vermello da súa trompeta viña entón a mesturarse ao gran concerto da natureza, ao que dominaba co seu brillo como dominaba os cen instrumentos dunha Filharmónica. Por outra banda, explicaba o trompetista, a acústica que se pode atopar ao tocar ao aire libre era preciosa porque revelaba sen piedade os máis pequenos erros e debilidades, os defectos infinitesimais que, en plan de virtuoso esixente, seguía combatendo no seu afán de tocar aínda un pouco mellor... ¿Cantas veces, no curso dunha xira de concertos, non detivo o seu coche ao bordo da estrada, para ceder á tentación de entrar e tocar a trompeta nun belo recuncho campesiño, dourado polo sol matinal, resoante aínda con brillantes rumores ou suaves cantinelas? Pero esta afección provocaba, de cando en vez, incidentes como o que lle ocorreu con aquel cazador bávaro cuxa futura caza habíase irremediabilmente volatilizado, vociferando salvaxes xuramentos no seu dialecto natal, axitando a súa carabina baixo o nariz do noso trompetista que non entendía nin unha soa palabra e que intentou, parece ser, aplacar ao colérico cazador tocándolle... ¡unha canción de berce!

O gran problema que se lle presenta a un virtuoso da trompeta é, evidentemente, o de repertorio, que está moi lonxe de ser ilimitado. Esgotado o grupo de obras clásicas e tradicionais, Maurice André dedicouse, á vez, á exhumación de antigas páxinas esquecidas e á creación de obras modernas, escritas, cada vez máis frecuentemente, para el o baixo a súa suxestión. Ademais o seu excepcional virtuosismo permitíalle aventurarse en solitario polas perigosas augas da transcripción. E por iso, anexionouse, en parte, o repertorio dos frautistas, violinistas e dos oboístas. A todo aquel que gritase “sacrilexio”, eu diríalle que estes préstamos concirnen esencialmente á época barroca e preclásica, na que esta práctica era algo corrente sen que ninguén se ofuscara, xa que - precisémolo - a noción de instrumentación “obligada e invariable” non se remonta case máis aló da época de Bach.

Ás veces, xorde a oportunidade de localizar unha partitura orixinal descoñecida que atopa entón a máis suntuosa das resurreccións grazas a Maurice André: o “Concerto de Hummel” deu a volta ao mundo desde o seu descubrimento.

Finalmente, este pequeno retrato sería incompleto se non mencionásemos a admiración de Maurice André polos seus máis eminentes colegas no terreo do jazz, (Dizzy Gillespie, Louis Armstrong, Miles Davis...). Admiración na cal quizá haxa un pouco de nostalxia ante as perspectivas sedutoras da improvisación...

Para os que amamos e admiramos este instrumento só nos queda dicir: ¡Grazas Mestre!



## ANSIEDADE ESCÉNICA NOS MÚSICOS E INTELIXENCIA EMOCIONAL:

### UN PUNTO DE PARTIDA

**Mateo Arnáiz, profesor de guitarra**

Se temos en conta o que afirman psicólogos que estudaron a ansiedade escénica nos músicos como G. Dalía (2004) “*Sobre un 20% dos alumnos/as que inician os estudos nos Conservatorios de Música abandonan ditos estudos por sufrir ansiedade escénica, é dicir por non poder controlar os nervios que xurden fronte ó concerto, exame, audición, etc.*” As porcentaxes que se apuntan sobre o número de alumnos e profesionais que seguen contemplando como se ve deteriorada a súa interpretación ao longo dos anos por este motivo, oscilan entre o 40% e o 60 %.

Atopámonos un problema real e importante que a miúdo pasamos por alto na nosa formación. Unha vez superado o aspecto básico e indiscutible da realización dun traballo adecuado en calidade e cantidade, non poderemos olvidar este condicionante. Para comprendelo trataremos de analizar un elemento que inflúe sen dúbida na actuación dende o punto de vista da intelixencia.

Xa nas últimas décadas do século XX, numerosos psicólogos estableceron novas definicións sobre o concepto de intelixencia, que non acotaba a mesma limitándoa á medición do denominado “Coeficiente Intelectual” (puntuación determinada por unha serie de tests de intelixencia que permiten medir a capacidade lóxico-matemática dos individuos).

Os novos conceptos toman como elemento base o éxito que acadan na sociedade individuos que non destacan por un C.I. pero que sí conseguen triunfar. Esta análise tan básica permite comprender con facilidade que o concepto de intelixencia non pode quedar reducido exclusivamente a unha capacidade lóxico-matemática. Neste sentido atopamos una definición máis acorde co tipo de intelixencia que se adapta a realidade social, que considera como intelixencia “*a comprensión lóxica que capta a riqueza e diversidade de elementos que se conxugan na realidade; que penetra nela e comprende a súa complexidade. É a facultade persoal para aprender da experiencia e a habilidade para extraer o mellor dun mesmo, sabendo adaptarse ás circunstancias; a capacidade de comprender o texto e o contexto que nos rodea...*” E. Rojas (1997)

Na mesma corrente de búsqueda por definir unha intelixencia máis adaptada a sociedade actual atopamos os traballos realizados por Daniel Goleman, que define a Intelixencia Emocional como “*a capacidade de recoñecer os nosos propios sentimentos, os sentimentos dos demais, motivarnos e xestionar adecuadamente as relacións cos demais e con nós.*”

Dado que con este artigo non se pretende afondar nun suxeito de estudo moi vasto quedarémonos cun aspecto que permitirá comprender as carencias en determinados apartados da intelixencia que posúen a maioría dos músicos, e as posibles reflexións para trabalo.



Qué aspectos da intelixencia necesita un músico para realizar una boa interpretación en público se sofre nervios e ansiedade ante a mesma. En primeiro lugar como mencionei anteriormente é imprescindible un traballo persoal comprometido e riguroso. Só a través deste traballo podemos adquirir a seguridade necesaria. Sen embargo existen casos nos que a pesares dun traballo adecuado, sofren moito fronte a actuación. Neste caso analizaremos os elementos da intelixencia que necesitamos para mellorar a actuación escénica.

Tres son os principais aspectos: a) Conciencia Persoal, b) Control das emocións c) Motivación. Aínda que outros apartados da intelixencia teñen influencia, como a empatía, poderíamos dicir que os anteriores son os máis importantes.

- a) Conciencia Persoal: É a cualidade que ben desenrolada, permitiranos comprender os procesos mentais, os signos somáticos ou físicos e psicolóxicos. A ansiedade escénica non é máis que un proceso creado pola anticipación do individuo ante unha situación, para adaptarse a ela. No noso caso o problema xorde cando identificamos como un posible perigo unha situación que non é realmente un perigo “vital” para nós. Actuar ante os demais non é un perigo real, senón unha actividade normal de comunicación.
- b) Control Persoal: Unha vez recoñecidos estes signos e procesos, poderemos mediante mecanismos como a terapia cognitiva, traballo da relaxación e outras terapias de restructuración mental mellorar os procesos cognitivos que empregamos para prepararnos antes e durante a actuación.
- c) Motivación: A motivación que nos leva á realización da actividade é imprescindible para que esta se leve a cabo de maneira adecuada. O ideal e acadar o estado de “Fluxo” que describe M. Csikszentmihaly no que o músico está en completa sintonía coa actividade, nada existe fora da mesma. Para isto é necesario que a actividade non sexa nin moi difícil nin moi fácil e tamén que o músico esté motivado internamente, non polas posibles recompensas externas, xa que se este é o caso está suxeito ao xuízo dos demais e converte a actividade nun perigo polo medo ao “qué dirán”.

---

Para máis información presento unha breve bibliografía que permitirá continuar a reflexión.

#### Bibliografía:

- Arcier, A. (1998) *Le trac: le comprendre pour mieux l'appprovisier. Onet-le-Château: Alexitière.*
- Csikzentmihaly, M (1990) *Flujo: La psicología de la experiencia óptima.* New York: Harper/Collins.
- Dalia, G. (2004) *Cómo superar la ansiedad escénica en músicos.* Madrid: Mundimúsica Ediciones S.L.
- Goleman, D. (1996) *Inteligencia Emocional* Barcelona: Editorial Kairos S. A.(1998) *La Práctica de la Inteligencia Emocional.* Barcelona: Editorial Kairos S.A.



## CENTENARIO DO NACEMENTO

### DE HORACIO RODRÍGUEZ NACHE (1912-2012)

**Violinista e director do Conservatorio de A Coruña de 1945 a 1970**

*Rosa María Rodríguez García, profesora de piano*



**Horacio Rodríguez Nache** nace na Coruña o 12 de agosto de 1912 falecendo aos 58 anos de idade, tamén na Coruña, o 24 de outubro de 1970

Os seus pais foron Guzmán Rodríguez Rincón e Carmen Nache Naya.

Músico de dotes excepcionais, Horacio Rodríguez Nache soubo potenciar con intelixencia e tenacidade as súas aptitudes, as que o levaron a converterse nun gran violinista. Posuía unha técnica prodixiosa, un belo son e impecable afinación. A súa identificación co instrumento era perfecta.

Entre os diversos violíns que tivo ao longo da súa vida, contaba cun Guarnerius, do fabricante cremonés Guarneri, un Mori Costa, parmesano, e un Prosper Colas, francés. O Guarnerius utilizado por Paganini, consérvase actualmente no Museo de Génova.

A familia Rodríguez Nache distinguíase por ter unha gran afección á música, adicándose profesionalmente a ela

Horacio e a súa irmá M<sup>a</sup> Luisa, soprano de renome internacional no panorama operístico.

Horacio Rodríguez Nache, manifestou desde moi pequeno unha especial inclinación polo violín, contando co apoio incondicional dos seus pais que o iniciaron neste instrumento con tan só 7 anos.

Comeza a carreira musical na Coruña cos mestres Doncel e Emilio Fraga.

Prosigue a formación académica no Real Conservatorio de Madrid co famoso violinista, compositor e concertino da Orquestra Sinfónica de Madrid José del Hierro, do que foi un dos seus alumnos máis sobresaíntes.

Durante a súa estancia en Madrid, estivo a vivir na casa da familia do mestre Corvino, coa que os seus pais mantiñan unha gran amizade e onde o acolleron como a un fillo. Abelardo



Corvino, violinista 1º da Orquestra Sinfónica de Madrid, contribuíu enormemente no aprendizaxe de Horacio.

Finaliza os estudos en Madrid en 1933 recibindo o Premio Fin de Carreira coa interpretación do concerto para violín e orquestra Op. 61 en Re M. de Beethoven. Obtén o mesmo ano o Premio Sarasate, ao que se presenta co concerto en Re M. op. 35 de Tchaikovski, unha das obras máis difíciles compostas para violín.

Con posterioridade trasládase a París para continuar ampliando e perfeccionando os seus coñecementos con Jaques Thibaud e Marcel Chailley. Acompañalle o seu pai a entrevistarse con ambos profesores. Cando chegan ao domicilio de Thibaud, o mestre comunícalles que está moi ocupado e que non dispón de tempo para admitilo como alumno. O pai de Horacio antes de despedirse, di a Thibaud que ten gran interese en coñecer a súa opinión acerca das aptitudes do seu fillo e que lle agradecería que o escoitase uns minutos. Thibaud convídalle a que faga unha demostración con algunha obra do seu repertorio e cando finaliza a interpretación de “Aires Bohemios” de Pablo Sarasate, non pode disimular o seu entusiasmo e empra a Horacio para comezar as clases ao día seguinte.

Estuda durante dous anos en París e continúa a súa formación en Londres co violinista, compositor e pedagogo



húngaro, Carl Flech. O seu entusiasmo polas clases recibidas de Flech, non lograron que Rodríguez Nache se adaptase á cidade londinense, sentía morriña pola actividade artístico-musical da capital francesa onde regresa un ano máis tarde.

Aos poucos meses de chegar a París, en 1936, iníciase a Guerra Civil Española e Horacio prepara o equipaxe para volver a España.

Chega á Coruña e fixa definitivamente a súa residencia nesta cidade.

Na Coruña, desempeña o posto de violín concertino da Banda-Orquestra Municipal.

As súas inquietudes lévanlle a xestionar a creación do Conservatorio de Música e Declamación da Coruña, empresa que consegue coa colaboración doutros profesores. As instalacións do Conservatorio teñen o seu primeiro local na rúa Riego de Agua, compartindo espazo coa Sociedade Filarmónica.



Neste contexto, nace o “Trío Pro-Música” integrado por Horacio Rodríguez Nache, a pianista Pilar Cruz e o cellista José Béjar, integrante tamén da Banda-Orquestra Municipal, cuxas actuacións nas Filarmónicas de Oviedo, Gijón, Luarca, Pontevedra, Vigo, etc., mereceron os máis cálidos eloxios de críticos, músicos e poetas, entre eles, Julio Sigüenza, Ramón de Castro Blanco, Julio Gómez, etc.



*Trío Pro - Música*

*Pilar Cruz - Horacio R. Nache - José Béjar*

Acepta a dirección do Conservatorio da Coruña en 1945, desempeñando o cargo até o seu falecemento, incrementando o número de profesores e especialidades e conseguindo a concesión dun novo edificio en Fernández Latorre. O crecemento e prestixio do centro é notorio durante os 25 anos nos que Horacio Rodríguez Nache estivo á fronte.

Actúa como concertista en diversas cidades de Francia, Inglaterra e España, actividade que comparte coa súa dedicación ao ensino.

Ademais de asumir a responsabilidade de director do Conservatorio, tamén traballaba na empresa naval da súa familia.

O 10 de novembro de 1948, é nomeado membro de número da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. O discurso de ingreso versou sobre o tema “Breves



consideracións sobre o violín, técnica e particularidades”, ao que contestou o tamén académico e músico coruñés, Adolfo Anta Seoane.

Horacio Rodríguez Nache era un home intelixente, culto, simpático, atractivo e carismático.

Director durante os anos nos que estudei a carreira de piano, Horacio interesábase pola evolución de todos os alumnos. Nunca faltaban as súas palabras tranquilizadoras cando nos examinabamos nin as súas felicitacións nos nosos éxitos. Director tamén cando pasei a formar parte do claustro de profesores, a súa profesionalidade e capacidade de traballo supuxo para min unha etapa enriquecedora da que gardo un recordo entrañable.



Caricatura do Trío Pro-Música

Rodríguez Nache foi o principal propulsor e iniciador da posta en marcha do Conservatorio de Música e Declamación da Coruña en colaboración con outros profesores, entre eles o organista e compositor vasco Alberto Garaizábal, primeiro director do centro, e a pianista coruñesa Pilar Cruz. Grazas ao empeño, e entusiasmo das xestións realizadas, conseguiron a oficialidade dos estudos musicais en 1942.

Neste ano no que se conmemora o centenario do seu nacemento, para os que dunha maneira ou outra estamos relacionados co mundo da música e para todos os coruñeses, é de xustiza renderlle un merecidísimo homenaxe, desde o Conservatorio polo que con tanto agarimo traballou até o mesmo día do seu falecemento.

A historia do conservatorio comeza en 1942. Son setenta anos de camiño, no que Horacio ocupa un lugar de honra.

Desexo que este testemuño sobre a súa personalidade e traxectoria profesional, sirva como recordo ao noso antigo director **Horacio Rodríguez Nache**.



## NOVA ESPECIALIDADE: ACORDEÓN

### Entrevista ao profesor Daniel Rodríguez Meiriño

O noso centro segue medrando: Hai 3 cursos implantouse a especialidade de arpa, este curso 2011-2012 impartíuse por primeiro ano a especialidade de acordeón.

Falamos co profesor responsable, Daniel Rodríguez Meiriño, para que nos ilustre un pouco sobre deste instrumento.

**A la lá:** A que familia instrumental pertence o acordeón?



**Daniel Rodríguez Meiriño:** O acordeón é un aerófono de lengüetas, foles e láminas, da mesma familia que o harmonio ou o órgano. Non obstante hai distintos tipos, sendo 3 os principais. Deses tipos, 2 son cromáticos (un de botóns e outro de teclas como o piano) e o outro tipo é diatónico. Nas fotos vese que o diatónico é o de cor madeira.

Aquí se estudian os dous sistemas cromáticos (teclas e botóns) que son sistemas de man esquerda: MI, MII e MIII.

**A la lá:** Fálanos do repertorio deste instrumento, tanto só como en cámara ou con agrupacións grandes.

**D. R. Meiriño:** O acordeón, aínda que de orixe chinés, pódese dicir que foi “inventado” en Viena por Cyril Denian. O repertorio deste instrumento é principalmente contemporáneo, aínda que tamén se tocan transcripcións de piano, órgano (O clave ben temperado, por exemplo). En cámara empasta moi ben cas madeiras, metais, piano, corda, é dicir, con todos os instrumentos.



Habería que destacar as músicas francesas (musete, vals parisién), que lle outorgan o rango máis alto. É un instrumento romántico e popular (repertorio de Edith Piaff ou Charles Aznavour por exemplo). En Hollywood houbo un acordeonista, Frank Marocco, un dos primeiros acordeonistas de jazz, que traballou durante uns 50 anos na Warner Bros. Faleceu este ano, eu coñecéao persoalmente e, ademais foi profesor dun alumno meu.

**A la lá:** Parece que os acordeonistas estades moi ben organizados...



**D. R. Meiriño:** É certo. Existe a Confederación Mundial do Acordeón, da que son delegado en España dende 1992, e teño organizado o Certame Nacional de Acordeón que se celebra en Ourense, ademais de 3 certames internacionais ( 1999-Ourense; 2004-Santiago; 2012-Vigo).

Precisamente Richard Galliano, que é un dos compositores actuais máis importantes, foi gañador do trofeo mundial de acordeón dúas veces, sendo menor de 18 anos, e despois, xa maior de 18 anos.



**A la lá:** Cando organizarás aquí algún certame deste tipo?

**D. R. Meiriño:** Cando teña tempo e recibamos algunha axuda económica, subvención...

**A la lá:** Cómo se inicia a historia do ensino do acordeón en Galicia?

**D. R. Meiriño:** De maneira oficial se iniciou en Ourense, no curso 92-93.

**A la lá:** Cómo se recibiu esta novidade instrumental en Coruña?

**D. R. Meiriño:** Ten moi boa acollida. Houbo moitas audicións, fixéronse actuacións co grupo de “Música tradicional” e ca Banda Xuvenil (interpretando “Sous le ciel de París” de Hubert Giraud-Jean Drejac).

**A la lá:** Poderíamos estar falando moito máis tempo e transcribindo a abundantísima información que o noso compañeiro transmite apaixonadamente sobre o seu instrumentno, pero o espacio é limitado e non da para máis. Moitas gracias pola túa colaboración, desexámosche moitos éxitos tanto persoais como aos teus alumnos/as.



# A LA LÁ





## **CURSO PREPARATORIO DE INCORPORACIÓN A GRAO ELEMENTAL PARA ALUMNOS/AS CON N.N.E.**


*Isabel Gómez Alonso,  
profesora de linguaxe musical e cordinadora de Grao Elemental.*



O pasado mes de decembro, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria autorizou ó Conservatorio Profesional da Coruña a posta en marcha dun proxecto innovador na nosa comunidade autónoma: a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais ás ensinanzas elementais de música no Conservatorio.

Este proxecto suporá a incorporación de alumnado con n.e.e. (necesidades educativas especiais) e con idades comprendidas entre os 12 e 18 anos ás ensinanzas regradas de música no vindeiro curso 2012/13. Para isto, será preciso realizar unha adaptación do currículo de grao elemental así como das probas de acceso a primeiro curso.

A primeira das actividades propostas para arrancar o proxecto foi a realización dun cursiño preparatorio de acceso a grao elemental para estes rapaces. As sesións musicais e instrumentais comezaron no mes de marzo e remataron en maio. Nelas traballáronse distintas actividades, todas elas destinadas a desenvolver e potenciar aptitudes musicais básicas, como son a audición, o ritmo ou a psicomotricidade.



A coordinación das sesións levouse a cabo dende o departamento de Linguaxe Musical, pero foron moitos os profesores do centro que colaboraron con nós para facer unha presentación das distintas especialidades instrumentais.



Este cursiño preparatorio, proporcionou tanto a alumnos como a profesores unha primeira toma de contacto que axudará a definir as bases deste proxecto. Un proxecto que requirirá de esforzos, pero que, sen dúbida, chega cargado de ilusión.



VISITA DO CONSELLEIRO





Nas súas dúas visitas ao noso centro o Conselleiro Jesús Vázquez, estivo acompañado polo Xefe Territorial, Indalecio Cabana Leira e pola Delegada Provincial Belén Docampo, exercendo o director do centro, Jesús López Prado de anfitrión que estivo secundado por varios profesores, especialmente Isabel Gómez e Fernando López Briones (responsables do cursiño).



## HISTORIA DUN APARCADOIRO




É ben certo que ó longo dun curso ocorren moitas cousas nun centro educativo. O que xa non é tan habitual é que unha mesma cousa suceda durante moitos cursos, concretamente todos. Estamos a referirnos ó que podemos chamar “asunto aparcadoiro”.

Cando se inaugurou o actual Conservatorio a primeiros da década dos 90 do século pasado, esqueceulle unha cousiña: O aparcadoiro! Sí, increíble! Aínda que de todos os xeitos non é de extrañar, e non é que o aparcadoiro fose pequeno e non o visen

na inauguración, e que: quedaba moi lonxe!

Si, atopábase aproximadamente a 30.000 km de distancia. Esa foi a distancia aproximada que tiveron que cubrir as distintas directivas na procura do definitivo permiso que o fixera utilizable, distancia que se percorreu entre o Conservatorio, a E.O.I, a Consellería e o Concello en reiteradas ocasións. Só pensar nesa distancia xa puña medo, ademais de pensar que este aparcadoiro viu pasar por diante súa 3 directivas distintas e tres plans de estudos distintos, por non pensar nos mestres e alumnos pero... esa grandísima distancia percorreuse con grande valentía e xa podemos desfrutar do aparcadoiro, dende o 23/12/11, data na que (fóra de horario lectivo e administrativo e "in extremis") a actual directiva acadou os permisos pertinentes. Aínda que a verdade é que xa desfrutabamos del. Deste aparcadoiro deron boa conta os alumnos da asignatura de Banda xa hai máis de dez anos, o mesmo que os alumnos de Jazz que o usaban tanto para os seus ensaios coma para as súas clases, ós que podemos calificar como auténticas “bandas de garaxe”, auténtica “música underground”.

O certo é que detrás de todos estes episodios “históricos” do aparcadoiro, e detrás dun valado e dúas portas automáticas, atopámolo en toda a súa extensión para usalo como se ideou (dende Febreiro deste ano), coas súas máis de 40 prazas de aparcamento e sistemas anti-lumes (extintores, e alarma incluídos). Do aparcadoiro non só se beneficia o persoal docente e non docente do centro, senón que tamén toda a comunidade. Evítanse unha media de 20 minutos de busca de aparcamento exterior, co aforro que iso supón tanto económico



como medioambiental e temporal á vez que incide directamente no bo humor dos usuarios. Este aparcadoiro deixa libres 40 potenciais prazas de aparcamento no exterior!

Lonxe quedarán os tempos en que máis lonxe quedaba o noso aparcadoiro ca Lúa!

Moitas grazas a todos os que o fixeron posible!




A LA LÁ

## CONCERTO SANTA ICÍA

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA

# CONCERTO SANTA ICÍA



En recordo do alumno:  
**DANIEL CASTRO CRUJEIRAS**

MARTES 22 de NOVENBRO de 2011

ás 20:00h

## AUDITORIO



O falecemento de Daniel Castro Crujeiras, alumno de Clave do Conservatorio, conmocionou a toda a comunidade escolar. Quixémoslle rendir homenaxe á súa memoria adicándolle o tradicional concerto de Santa Icíá.



## “AXUDA PARA PAULA”

*Isabel Gómez Alonso, profesora de linguaxe musical*

Dende o mes de xaneiro comezamos no conservatorio a recadar tapóns de plástico para Paula, unha pequena rapaza de Boiro que debido a unha malformación ósea non pode camiñar. A recollida de tapóns de plástico permitirá subvencionar parte dos tratamentos e operacións que precisa Paula.

Esta campaña superou todas as nosas expectativas, xa que practicamente non hai semana en que a caixa onde se recollen os tapóns, no vestíbulo do centro, non acabe a rebotar. Colaboraron día a día non soamente toda a comunidade educativa (profesores, alumnos e persoal), senón que tamén o fixeron outros centros educativos e comercios da zona.

Gracias a todos, Paula acadará cedo a súa ansiada operación. Pero outros nenos, solicitan tamén a nosa axuda, polo que esperamos que esta colaboración que estamos a levar a cabo entre todos, continúe nun futuro.

*Porque tomemos nota .... ¡cada tapón anota!*

RECOLLIDA DE TAPÓN DE PLÁSTICO  
no CMUS Profesional da Coruña



TOMA NOTA:  
¡CADA TAPÓN ANOTA!





## Concerto solidario a beneficio da ONG “Tierra de hombres”

**Concerto solidario**  
**A Bela Durminte**  
(Preestrea)  
Madrid Sinfonietta Orchestra  
Asoc. Cultural Galaica Música  
Presenta Pablo Portabales  
Venres 30 de marzo, 20:00 horas  
Auditorio Conservatorio Profesional de Musica da Coruña  
Información: 600 322 944  
Entrada ata completar capacidade (aportación voluntaria)  
a beneficio de **Tierra de hombres**  
Ayuda directa a la infancia desamparada, en prevención de otros peligros racial o confesional.

Porque non se trata só de ensinar e aprender destrezas musicais, senon tamén de ensinar e aprender valores humanos, todos os cursos realizase no centro un concerto a beneficio dalgunha ONG. Este ano o concerto do 30 de marzo foi a favor de “Tierra de Hombres”. Asistiron o presidente de dita organización: Raúl Besada, o noso director, Jesús López Prado e estivo presentado o acto por unha personalidade mediática: Pablo Portabales.





## INTERCAMBIO ALUMNADO DE CORDA PULSADA CÓ CONSERVATORIO DE SAINT-LEU-LA-FÔRET (FRANCIA)

**Mateo Arnáiz Rodríguez**

No mes de abril, o Departamento de Corda Pulsada realizou un intercambio co Conservatorio de Saint-Leu-La-Fôret (Francia). A estada dos alumnos e profesores franceses durou tres días, dende o domingo 15 ao mércores 18. Os alumnos seleccionados do noso centro visitarán o Conservatorio francés no próximo curso escolar.

Podemos ver nas fotos a colaboración entre tódolos alumnos, durante o Concerto que se levou a cabo no Auditorio do Conservatorio o martes 17 de abril.





## MOSTRA DO ENSINO – GALICIA 2012



Como en ocasións anteriores, o Conservatorio Profesional de Música da Coruña participou na Mostra do Ensino que organiza a Consellería. Celebrouse esta edición en Expo-Coruña. Alí estivo a nosa Orquestra como representante das Ensinanzas Musicais para cerrar o Congreso.

**CONGRESO**  
Formación e competencias  
na nova sociedade

**mostra do  
ensino**  
Galicia 2012

**Concerto**  
13 de abril de 2012  
19:00 h.

**PROGRAMA**

- Valse triste  
J. Sibelius
- El amor brujo  
(selección)  
M. de Falla
- Introducción  
En la cueva  
Danza del terror  
Danza ritual del fuego  
Campanas del amanecer
- Danzón nº 2  
A. Márquez
- Star wars  
J. Williams
- Pantera rosa  
H. Mancini /arr. C. Custer

Orquestra sinfónica do  
Conservatorio Profesional de Música da Coruña  
Dirección  
Fernando L. Briones

galicia  
XUNTA DE GALICIA  
XUNTA DE GALICIA




## CONCURSO DE VIOLÍN CIDADE DE VIGO

### Éxitos dos nosos alumnos

No I Concurso de violín “Cidade de Vigo”, organizado pola “Asociación Galega de Instrumentos de Corda” e celebrado entre o 15 e 16 de abril no Círculo Mercantil de dita cidade, dous dos nosos alumnos obtiveron distincións.

Na categoría A, o 1º premio levouno Sergei González Pavlova, e a Mención Especial foi para Antonio Silva Seara. Ambos son alumnos da profesora Olga Alexandrovskaja. O xurado estaba composto por músicos de recoñecido prestixio: Maximino Zumalave, Enrique Iglesias Precedo, Joám Trillo, Edita Shulman Kasparaitis e Leonardo Blanco.


Alegrámonos moito deste novo éxito, xa que o éxito dos nosos alumnos e profesores é tamén o éxito do noso centro. Gracias polo voso traballo!






## LETRAS E MÚSICAS GALEGAS – PASCUAL VEIGA

Este ano o EDL decidiu darlle unha nova orientación á celebración das “Letras e Músicas Galegas”. A partir de agora cada ano adicaráselle a un compositor ou músico galego. Pareceu o máis oportuno empezar polo autor do Himno. O Himno une letra e música, a letra dun dos máis sobranceiros poetas de Galicia, Eduardo Pondal, e a música dun dos máis representativos compositores, Pascual Veiga.



Así que os/as alumnos/as de Linguaxe de Grao Elemental fixeron varios traballos sobre o Himno e sobre Pascual Veiga, traballos que decoran o hall do centro.




O 15 de maio celebrouse unha conferencia-concerto. Fernando López-Acuña, musicólogo e gran coñecedor de Pascual Veiga, fíxonos unha interesante síntese da vida e obra de deste compositor. Despois Javier Vázquez Grela interpretou ao piano varias pezas de Rogelio Groba (Soatiña e unha escolma de Tipoloxías), para rematar o acto ca interpretación da Alborada de Veiga a cargo dos profesores Antonio Seijo, Olga Aleksandrovskaya, Emma Urango e Joaquín Pallás. Como viola invitada, a nai dun dos nosos alumnos: Despina Ionescu.

Gracias a todos pola vosa participación!



MARTIÑO PAILOS 2º G.FRAUTA

## PASCUAL VEIGA



(Mondoñedo, 1842-Madrid, 1906)

Compositor galego. Dotado dun talento precoz, cando era so un neno compuxo un setenario dedicado a Nosa Señora das Dores. Fundou e dirixiu diversas orquestras e coros, incluíndo o coro Cortines, con quen tivo un gran éxito na Exposición Universal en 1889.

Recibiu varios premios, entre os que destaca a Medalla de ouro da exposición.


A súa composición máis famosa foi a Alborada Galega.

Veiga tamén é o compositor da música do Himno de Galicia coa letra baseada no poema "Os piñeiros" de Eduardo Pondal. A música é unha oda a liberdade con base na natureza de Galicia. A súa estrea tivo lugar o 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro do Centro Galego de La Habana (Cuba) e fíxose oficial o ano seguinte.


Algunhas das súas obras son: Misa de réquiem, Te Deum, Alborada Galega e as melodías como Lazos de amor e A última queixa.

Foi profesor do Conservatorio Nacional de Madrid e fundou e dirixiu varios orfeóns cos que recibiu numerosos premios. Co Orfeón Coruñés obtivo a medalla de ouro e as Palmas Académicas durante a Exposición Universal de París de 1889. Tamén traballou como organista en Betanzos e na Colexiata da Coruña.


Pascual Veiga faleceu en Madrid no ano 1906. Os seus restos mortais foron trasladados a Mondoñedo en 1912 onde está enterrado nun fermoso mausoleo homenaxe dos seus admiradores e paisanos



ALBORADA GALLEGA



PINTURA HOMENAXE A PASCUAL VEIGA




PASCUAL VEIGA



## CONCERTO “ARTE POLA IGUALDADE”

O espectáculo Arte pola Igualdade foi unha colaboración co Centro de Educación Especial María Mariño. Os/as alumnos/as deste centro representaron a obra teatral “O Velorio”, e despois varios profesores do noso centro e os alumnos de “Música Tradicional” interpretaron unhas preciosas pezas moi populares que os alumnos do María Mariño bailaron.

# Arte pola igualdade



Conservatorio Profesional  
de Música de A Coruña  
CEE María Mariño

A CORUÑA  
Mércores 13 de xuño ás 18:00 horas  
Conservatorio Profesional de Música

Organiza:




XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colabora:





Alumnos/as que remataron os estudos nese curso, xunto cos/as seus/súas profesores/as. Desexámosvos moitos éxitos na vosa carreira!!!





## El Hombre Sentado

(O Home Sentado)

### La mujer y la hoja

(A muller e a folla)

Mateo Arnáiz

Guitar

$\text{♩} = 80$

4

*cantabile*

7

*rit.*

10

14

$\text{♩} = 93$

16

18

$\text{♩} = 80$

22

26

*rit.*



## PEZA EN DO DÓRICO, PARA CLARINETE Bb E PIANO

Javier Ulla Berdullas, 6º Grao Profesional, especialidade de Clarinete

Misterioso Peza en do dórico para clarinete en Bb e piano Javier Ulla Berdullas

clarinete Bb

piano

1 2 3 4

*mf* flutter

5 6

*ff*

p.

*mf* *f*

7 8 9

*mf* *ff*

*mf* *ff*

10 11 12

*mf*

*legato*



# A LA LÁ

13 *mf*

14

15

p.

16 *mp*

17 *mf*

18 *ff*

p.

*ff*

Allegro con fuoco  $\text{♩} = 140$

19 *mf*

20 *ff*

21

22

p.

*f*

23

24

25

26

p.



# A LA LÁ

Sheet music for the piece "A LA LÁ", featuring a Bb instrument and piano accompaniment. The score is divided into systems, each with a Bb staff and a piano (p.) grand staff.

**System 1 (Measures 27-30):** The Bb staff begins with a 7-measure rest, followed by a melodic line starting at measure 27. Dynamics include *f* and *mf*. The piano accompaniment features chords and a 3-measure rest in the right hand, with a *mp* dynamic and a "Crescendo" marking. The left hand has a 5-measure rest.

**System 2 (Measures 31-32):** The Bb staff has a 3-measure rest, followed by a melodic line starting at measure 31. The piano accompaniment continues with chords and 3-measure rests in both hands.

**System 3 (Measures 33-35):** The Bb staff starts with a 7-measure rest, followed by a melodic line starting at measure 33. Dynamics include *ff* and *mf*. The piano accompaniment features chords and a 5-measure rest in the right hand, with a *f* dynamic in the left hand.

**System 4 (Measures 36-39):** The Bb staff begins with a 9-measure rest, followed by a melodic line starting at measure 36. The piano accompaniment consists of chords in the right hand and a bass line in the left hand.



# A LA LÁ



**Pascual Veiga**  
Icía Vázquez Rodríguez  
1º do G.E. - Saxofón





## CONTABA O MEU AVÓ

### Emma Urango Muelas

Contaba o meu avó que, nos anos corenta, comer unha laranxa era un manxar, xogar unha partida de cartas cos amigos e gañar ao mus unhas pesetillas facíanlle sentir a un máis feliz. Bo, quen di pesetas, di reais. Catro reais unha peseta, e dúas moedas (dous reais) das que tiñan un burato, unha peseta.

O avó, que ademais de feo, era un señor moi listo, púñanos a proba constantemente. Facíanos descalzar para cheirar o zapato e comprobar que era de pel auténtica. Mirábanos as chaquetas e os xerséis para ver se os fixo a miña nai ou eran mercados, e de paso controlar un pouco a economía familiar. Ou nos tocaba a cabeza para gozar dese cabelo fino e infantil, que cheiraba tan ben e que estaba libre de liendres e piollos.

Entón o home, orfo desde moi neno, xa coñecera unha depresión, unha guerra, unha posguerra, unha crise, a morte de tres fillos (tivo once), dun irmán e a morte da miña avoa, enferma de Alzheimer.

Un día preguntóume: ¿A ti, como é que che deu por ser música, se en casa non hai ninguén que saiba tocar nada? Pois xa ve avó, non só conseguín estudar o que máis me gusta, senón que me dedico a iso e ademais, dáme para comer. O de “dar para comer” é literal, porque entre a hipoteca, os seguros, a luz, a gasolina, o teléfono, cueiros, impostos e demais gastos, as contas saen xustiñas. Cando suba a electricidade ímonos a enganchar a un poste da estrada para asegurarnos a corrente e venderemos o cobre do cable do teléfono para pagar a gasolina e poder ir traballar.

Ríanse desta crise, que non é para tanto. Algúns estarán pensando: esta moza está chiflada, pero lles aseguro que sei do que falo.





Cando unha situación é tan dura e inxusta, non queda máis remedio que tomalo con grandes doses de humor. Senón, lean vostedes prensa rosa e amarela, porque os xornais dan pena. A partir de agora, prohibido ler o xornal e ver o telexornal. Só debuxos animados.

Procuro facer unha terapia diaria que consiste en vivir intensamente cada minuto de clase e da simpatía dos pequenos. Ás veces custa gozar. Abrigo a dúbida se o alumnado non estuda o suficiente, ou pasa de todo. Así, é moi difícil ensinar.

A crise aféctanos a todos, en maior ou menor medida. Desconcentra e esgota. Desgasta e deprime. Pero, como di unha amiga: sempre nos quedará París. Quen di París, di unha excursión ao campo, ou unha visita ao acuario, ou o visionado dunha peli pirateada en casa, ou asistir ás audicións do conservatorio que son gratuítas e maravillosas.

Cada día algún alumno/a manifesta dalgunha forma como lle afecta a crise. Unha nena sufriu un aparatoso accidente no seu instrumento. O primeiro que fixo antes de avaliar danos ou escoitar o diagnóstico do profesor, foi porse a chorar. ¡Pero se non é nada; isto arránxase, compras un novo, lévalo a un luthier pero cada vez choraba máis. Ata que lle dixen: só vai custar 20 euros. Nese momento abriu os ollos como pratos e engadiu riseiro: só vinte euros? - Pois máis ou menos...nunha semana estaba resolto.

A outra nena con moitísimo talento, e que tiña unha estraña afección (encantáballe pasar o arco coa punta mirando cara ao chan porque apenas estudaba) suxerínlle amablemente que debía estudar na súa casa fronte un espello, e respondéume con voz mimosa: ¡buf!, profe, iso vai ser un pouco

complicado, porque en casa somos moitos, o piso é pequeno e comparto habitación. Díxenlle, bo, pois terás que negociar as horas da túa habitación que hai dispoñibles. Non só solucionouno, ademais, está moito máis motivada.

Fai unhas semanas, quedéime sorprendida ao descubrir que unha alumna dun curso profesional, tocaba un instrumento demasiado pequeno para a súa dimensión física. Ao principio, tentéi con tacto como era a situación familiar e intentar pescudar se poderían comprar un novo. Pero non, non poden. O que fixéron foi comprar un arco máis longo, para que poida “seguir traballando” O seu son é moito mellor, as súas escalas, non.


Non hai diñeiro nin para resina, contestóume o outro día un neno. Díxoo sorrindo e encollido de ombreiros. As porcás do seu arco eran dunha cor pardusco tirando a café con leite, cunhas manchitas verdes preto da noz. Noxento. Pero cunha boa dose de resina, disfrazamos tanta roña. El contento e eu máis.

Pero a máis curiosa de todas é a resposta dunha adolescente de grao profesional á pregunta: ¿Que che gustaría ser de maior, chelista? Moi digna e con cara de pilla respondeu: adestradora persoal en Los Ángeles, para gañar moita pasta. Aí queda iso.

Os nenos, son conscientes de todo. Escoitan e observan constantemente, e aínda que procuramos mantelos á marxe da crise, aféctalles. Teñen mellor sentido do humor que nós, os adultos. Esta será a nosa herdanza, procurar que vivan estes anos de incerteza como algo simplemente anecdótico e nada dramático.



## FAI O TEU CÍRCULO DE QUINTAS E APRENDE XOGANDO CON EL





1. Recorta desta páxina e des que seguen os círculos 1, 2, 3 e 4 pola liña de puntos.
2. Recorta a parte interior dos cadros regreoados nos círculos 2,3 e 4 e os círculos centrais.
3. No círculo número 1, non recortes o círculo central e pega sobre el un anaco de cartón do mesmo tamaño e forma.
4. Por último, pega o círculo número 1 sobre unha base de cartón para que sexa máis consistente e **A XOGAR!**




## COMO XOGAR CO CÍRCULO DE QUINTAS?

1. Coloca o círculo número 4 sobre o 1 e xírao. Quedarache sempre un intervalo de 5ª xusta que ademais, podes ver no teclado; se tes un a man, aproveite e toca as notas para escoitar como soa este intervalo.
2. Retira o círculo da 5ª xusta e coloca o número 2. Fai coincidir as cores e poderás ver a que tonalidades pertence cada armadura, así coma o tono relativo de cada tonalidade (por exemplo, DoM e Lam).
3. Por último, intenta adiviñar a que tonalidade pertence cada armadura ou á inversa, colocando sobre o círculo das tonalidades que xa tiñes montado, o círculo número 3. Fai xirar este sobre os outros dous e comproba se acertaches.








SABELA GIRÓN GESTEIRA



## SUDOKU MUSICAL

### INSTRUCCIÓN

O taboleiro está composto de 9 cadrados de 3x3 cuadrículas, chamadas tamén rexións. O obxectivo do xogo é completar as cuadrículas do taboleiro cos seguintes signos musicais:



sen que ningún deles se repita na mesma fila ou columna, nin na mesma rexión.

O taboleiro xa contén algúns dos signos e o que tes que facer é conseguir completar todas as cuadrículas.

♩			♩	♩	⏏	b	♩	
♩							♩	
♩			#		♩	♩		⏏
#	⏏					♩		
			♩		#			♩
b		♩		♩			#	
	♩	♩	b			#		⏏
♩		⏏	♩			♩		
	b			⏏	♩		♩	



*Agora repasa os matices cun  
sudoku máis sinxelo*

*PP P mP mf f ff*

			PP		
P					
	mP			ff	
		f			
					mf



<i>fu</i>	<i>du</i>	<i>f</i>	<i>ff</i>	<i>d</i>	<i>dd</i>
<i>d</i>	<i>dd</i>	<i>ff</i>	<i>f</i>	<i>fu</i>	<i>du</i>
<i>dd</i>	<i>ff</i>	<i>d</i>	<i>fu</i>	<i>du</i>	<i>f</i>
<i>du</i>	<i>f</i>	<i>fu</i>	<i>d</i>	<i>dd</i>	<i>ff</i>
<i>ff</i>	<i>fu</i>	<i>du</i>	<i>dd</i>	<i>f</i>	<i>d</i>
<i>f</i>	<i>d</i>	<i>dd</i>	<i>du</i>	<i>ff</i>	<i>fu</i>

*soluções aos sudokus*



¡Busca as 8 diferenzas! Olló, só hai unha en cada músico

Samuel Baptista Haro  
1º G.E. - Guitarra







**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**Conservatorio Profesional de Música**

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA

Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha/>